



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO O 2 DE XANEIRO DE 2014
LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZA VIEITES
Concelleira
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS
Concelleira
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE
Concelleiro
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIONS

DNA. M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dous de xaneiro de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 2 DE DECEMBRO DE 2013.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

2º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 2 DE DECEMBRO DE 2013.

Sr. Alcalde.- Bueno, boa...boa tarde a todos i empezamos o...o ano 2014 co pleno correspondente á sesión ordinaria do mes de xaneiro. Antes de nada desexarlles a todos que tiveran un feliz remate do ano 2013 i un...i un bo... que teñamos todos un venturoso

ano 2014, que nos queda por diante con traballo intenso por parte desta Corporación. Así que desexarlles a todos que teñan un...un feliz ano 2014 e para eso pois que mellor forma que empezar que traballando cunha sesión plenaria que...que ten a súa parte na Orde Día a aprobación da acta do pleno do 2 de decembro, non se puido aportar a acta do...do Pleno de orzamentos pola densidade do Pleno celebrado o día 2, así que hoxe procedemos a...a aprobar a acta do Pleno do 2 de decembro i posteriormente no seguinte Pleno aprobaremos o pleno ordinario de decembro i o de...o de xaneiro.

¿Non sei se hai algunha alegación á acta? Pois senón hai ningunha alegación, procedemos á aprobación da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o día 2 de decembro.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 2 de decembro de 2013.

Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Sr. Alcalde.- Antes de pasar á parte de Control da Xestión non sei se hai algunha moción de urxencia por parte das forzas políticas. Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, igual que vimos facendo en plenos anteriores, vamos a plantexar tamén neste pleno, polo tanto non sei si quere que se debata a urxencia por separado ou que o faga de xeito conxunto xa, sabe vostede, é coñecedor de que temos rexistradas dende o mes de setembro, sucesivamente nos distintos meses, varias mocións que non se teñen tratado todavía, i, por tanto, plantexamos a súa urxencia, tanto no caso do... do... demarcación de planta xudicial como no caso da moción polo tema de SOGAMA, do tratamento da planta da Sociedade Galega do Medio Ambiente SOGAMA. Plantexamos a súa urxencia porque son temas de interese importante para os veciños da Estrada, vemos estes días como a Estrada perdeu veciños, menos, posiblemente, que todos os Concellos da redonda, pero é importante manter os servizos, é importante manter os servizos i mantelos a un custe razoable. Polo tanto, cremos un abuso o que se está facendo dende SOGAMA i plantexamos que este Concello se posicione i entendemos que é urxente facelo, posto que, como xa se ten anunciado, é de inmediato entrará en vigor esa subida. Por iso plantexamos a subida, perdón, a subida, plantexamos, perdón, estas mocións por urxencia.

Como dicíamos, si vostedes queren que se debatan por urxencia separadamente o faremos, senón, pois, as plantexamos de xeito conxunto, porque xa son coñecedores todos os membros desta corporación de ditas mocións.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas grazas señora Louzao ¿algunha cuestión en relación á urxencia?, pois como ben saben hoxe creo que foron notificados para que, se non recordo mal, debatir a moción en relación á...á...á...á lei...á lei de medicamentos i...i si lles parece, o que nos podemos comprometer é a convocar esas Comisións na semana que ven para proceder ao seu debate i, ademais, creo que poderíamos, incluso, incorporar un debate adicional que o...que o valoraremos si lles parece nunha reunión posterior que sería en relación á postura que se está adoptando a nivel nacional en relación á lei do aborto i supoño que todos teremos parte que opinar tamén nesa cuestión. I si lles parece, convocamos as Comisións correspondentes para á semana que ven i levamos o debate sobre SOGAMA, o debate sobre a lei do aborto i o debate tamén que

comentaba a voceira socialista sobre a reforma da planta xudicial. Si lles parece o facemos así i na semana que ven intentaremos convocala xa para...para a próxima semana para proceder ao debate das mesmas.

¿Algunha cuestión? Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, vou a utilizar a expresión "congratúlanos", posto que a pesares de que dende o mes de setembro vimos insistindo xa no debate dalgunha destas mocións i a pesar de que noutros tempos personas aquí hoxe presentes falaban de que se vaciaba de contido i de democracia o Concello, que non se permitía debatir nin por urxencia nin se convocaban Comisións, este grupo se caracteriza por darlle...por deixar a súa man enriba da mesa para chegar a acordos i agardamos que agora si se convoquen, teña a ben levar adiante estas convocatorias. Posto que, como dicimos, son asuntos de interese, o mesmo que o se está facendo a desfachatez que se está facendo coa lei do aborto que se plantexaba dende...por parte do señor Alcalde, alí estaremos para debatilo puntualmente. I, dende logo, entender i pedir que no sucesivo se convoquen en tempo e forma, xa que dende o grupo...deste grupo intentamos facelo tamén rexistrándoos en tempo e forma, i que, polo tanto, non se agarde como se fixo nestes meses, é unha demora tan grande, posto que perxudica, en definitiva, aos veciños e as veciñas da Estrada que o noso Concello non teña posición a estos...sobre estes asuntos. Agardamos a pronta convocatoria das mesmas i cremos de recibo i pedimos unha vez máis que se faga, como dicíamos, sin chegar adiante con estas demoras tan grandes como se ten feito nesta ocasión para as distintas mocións, i que se respecte, polo tanto, o traballo dos grupos da oposición que rexistran en tempo e forma as mocións para o seu debate.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas gracias ¿algunha outra moción de urxencia? Ten a palabra señor Magariños.

A) MOCIÓN DO BNG RELATIVA AO IMPULSO ÁS CONCENTRACIÓNS PARCELARIAS DE CODESEDA E ARCA (A ESTRADA).

Sr. Magariños do BNG.- Si, traemos aquí unha moción para o impulso definitivo ao que sería as concentracións parcelarias de Arca e Codeseda dada a preocupación que están tendo os veciños porque non saben nada de...de cando vai a rematar, fai ano e pico, case ano e medio, que non teñen noticias de como está este procedemento. No mes de...creo que foi outubro, mantivo unha xuntanza o señor Alcalde co señor Cores Tourís, responsable da Consellería, pero ata o día de hoxe non segue...seguen sin saber, están nunha situación que non poden entrar nas súas fincas e non saben cando vai a rematar. Entonces, bueno, simplemente se solicita que no prazo dun mes, a parte da aprobación desta...desta moción, responsables da Consellería de Medio Rural manteña unha reunión cos veciños para dar explicación de como é a cuestión, e por outro lado instar á Xefatura Provincial de Medio Rural para que de o impulso definitivo a estas concentracións parcelarias ¿non?, de maneira que os veciños se sintan moito máis tranquilos, que vexan que o Concello os apoia.

Sr. Alcalde.- Moi ben, pois si lles parece votamos a urxencia da moción ¿votos a favor? Apróbase por unanimidade. Entramos no fondo da cuestión si lle parece señor Magariños

Apróbase a urxencia da Moción por unanimidade.

Sr. Magariños do BNG.- Decía na argumentación da...da urxencia, alá sobre...creo que foi sobre o ano 2000, polo menos é o que

utilizo para argumentar a miña exposición de motivos, foi cando se iniciou a concentración parcelaria de Codeseda e Arca. Se daquela se falaba sobre 5 anos, estamos no 2013 e aínda está sen rematar esta concentración coas consecuencias molestas que está tendo para os propietarios e os veciños e veciñas de Arca e Codeseda que non poden entrar ás súas fincas, porque, bueno, loxicamente nun proceso de concentración parcelaria hai movementos de terras e todos aqueles camiños e accesos tradicionais que había ás fincas desapareceron. Neste momento, e sobre todo con este inverno que estamos tendo de chuvias, o acceso a moitas destas fincas é case que...que imposible. Entón cremos que é necesario que a Consellería se posicione, se reúna cos veciños, os tranquilice e lle diga dunha vez por todas cando vai a rematarse esta...este proceso de concentración parcelaria. E por outro lado instar á Xunta...á Xefatura Provincial de Medio Rural para que de este impulso definitivo a estas concentracións parcelarias e que, no prazo dun ano, esté rematado todo o proceso de concentración parcelaria.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas gracias ¿algunha intervención? Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, en efecto, como di o portavoz do Grupo Socialista, todos, penso que todos os aquí presentes, teremos queixas dos veciños destas zonas por como están os accesos, por como está a situación destas concentracións, pero tamén todos vimos como unha vez máis anuncios propagandísticos en prensa pois distintos membros do goberno galego falan de que está en marcha, de que está avanzada, de que está iniciada, de que creo que a expresión correcta era que se activan as concentracións parcelarias. Están activas máis vale, posto que como ben dicía a moción do Grupo do BNG, co tempo que leva en marcha malo sexa que non estivera activa, pero parecer non o parece, i os veciños así se queixan. I nós non podemos coincidir en que se é necesario que se reúnan cos veciños, senón que o que é necesario é que poñan cartos enriba da mesa i estas concentracións se rematen dunha vez i lle solucionen os problemas aos veciños que, en definitiva, o que necesitan é poder acceder aos seus previos, poder acceder i poder, dende logo, facer uso dos seus terreos. Por eso imos a apoiar esta moción, dende logo que si, poñendo enriba da mesa que non é necesario máis publicidade, máis propaganda, o que é necesario é un impulso real, poñer cartos enriba da mesa para que estas concentracións se rematen.

Sr. Alcalde.- Moi ben, pois creo que no fondo coincidimos todos, ademais non hai tanto tempo, eu creo que fai cuestión de semanas, a empresa pública SEAGA estivo facendo traballos de acondicionamento en viais, concretamente na zona de concentración parcelaria de Arca, facendo unha inversión que superaba os 38.000 euros en fase de acondicionamento de camiños. A inversión última que se fixo, o ano trece, ascendeu a máis de 600.000 euros nesa concentración parcelaria, polo tanto non é verdade que este proceso esté parado, ao contrario, si é un proceso que require agora, máis se cabe, unha aportación económica importante por parte da Consellería, pero as dúas concentracións parcelarias están na mesma... na mesma fase, poderíamos dicir as tres. Alégrome que non falen tamén de Val de Veá, que era outra das concentracións importantes que temos en marcha i que está evolucionando de forma favorable, pero Val de Veá 1, posiblemente poidamos entregar os títulos seguramente antes de...de finalizar o primeiro semestre deste ano; e Val de Veá 2, Arca i Codeseda están en máis ou menos na mesma fase, que é a fase de acordo, i a resolución de recursos é unha fase complexa pola súa dificultade técnica e, ademais, porque algunhas que outras pois tiveron bastante recursos por parte dos propietarios. I, basicamente, unha vez que teña resolto esta

cuestión, pois entraremos na fase...na fase definitiva que será xa a ocupación das fincas que espero que sexa en breve, i elaboración dos títulos ¿non? Creo que non...non vai por mal camiño, de feito tamén a maquinaria estivo durante estas últimas semanas, mentras que a climatoloxía o permitiu, facendo traballos de acondicionamento e desbroce de viais na concentración de Codeseda, i...i se están facendo actuacións importantes á espera de facer o...a actuación definitiva máis importante que queda agora mesmo que é o acondicionamento... o acondicionamento das parcelas que se fará unha vez esté pechada a fase de acordo i a resolución de todos os recursos presentados, que eu espero que en prazo de dous, tres meses o teñamos feito. Pero bueno, evidentemente, non sobra que insistamos nesta...nesta sesión plenaria en instar á Consellería para que siga i non deixe no empeño estas concentracións parcelarias que son tan importantes i que van evolucionando coas problemáticas administrativas que teñen estes procesos, sobre todo algúns deles coa cantidade de recursos que se presentaron, pois ten a súa complexidade técnica que hai que entender que retrasa estos...estos procesos máis alá do que nos gustaría. Pero é así, i así debe de ser tamén, para garantir a transparencia do proceso i que todo o mundo poida presentar, como ben saben, en moitas ocasións son momentos para presentar recursos contra os propios acordos de concentración, i eso retrasa de forma significativa a súa elaboración i a fase final que é a elaboración dos títulos ¿non? Pero estamos de acordo con esta moción i polo tanto, si lles parece, a votamos. ¿Votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Pois apróbase por unanimidade.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto que no mes de xullo de 2000 iniciouse a concentración parcelaria das parroquias de Codeseda e Arca, un proceso que, segundo se anunciaba naquel entón dende os responsábeis da Consellaría, duraría entorno a cinco anos. Estamos en 2013, van alá trece anos, e os veciños e veciñas destas dúas parroquias non ven o final dun proceso que tivo o seu maior impulso entre 2005 e 2009.

Visto que, a día de hoxe, moitas propietarios e propietarios non poden entrar nas súas propiedades porque as entradas non están acondicionadas porque as obras, aínda non rematadas, deixan en moitos casos as fincas inaccesíbeis. A isto temos que engadir a falta de información por parte dos responsábeis da Consellaría, que sume ás veciñas e veciños de Codeseda e Arca na incerteza total e no desánimo por un proceso que moitos vían esperanzados.

Por todo o anterior a Corporación en Pleno **ACORDA**:

1º.- Solicitar da Consellaría de de Medio Rural e do Mar (Xefatura Territorial de Pontevedra) que no prazo dun mes, a contar dende a recepción deste Acordo, teñan unha reunión coas veciñas e veciños das parroquias de Codeseda e Arca (A Estrada) para dar conta do estado actual do proxecto de concentración e dar prazos críbeis da súa conclusión.

2º.- Instar á Consellaría de de Medio Rural e do Mar (Xefatura Territorial de Pontevedra) para que dea un impulso ás concentracións parcelarias das parroquias de Codeseda e Arca (A Estrada para que, dentro dun ano, estea rematado todo ese proceso que dura xa trece anos.

Sr. Alcalde.- ¿Non sei se hai algunha outra cuestión de urxencia? pois si non hai pasamos á parte de Rogos e Preguntas.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

2º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde.- ¿Algún rogo, algunha pregunta? Ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Dous rogos planificados i un que me xurdeu cando viña para aquí, entón vou cos...cos planificados. É reiterar, unha vez máis, xa van dúas, que se acondicione o tramo da...do inicio da recta de Toedo. Vimos de ver como nestas datas houbo un accidente, bueno, que polas fotos parecía moi espectacular pero, bueno, por sorte non houbo danos persoais que neste caso é o que se busca ¿non?, e a estas alturas, xa creo que fai...no mes de novembro me parece que foi, xa fixera un rogo neste aspecto de que se acondicionara, parece que a Consellería non toma nota antes de que ocorra unha desgracia, é necesario adecuar este punto negro que temos no vial, nun dos puntos negros que temos neste vial para evitar males maiores ¿non?

Outro rogo tamén, reitero e xa tamén é a segunda vez que o reitero, que se pinten de novo os pasos a peóns situados... especialmente estes pasos a peóns, porque hai outros que tamén están mal, pero estes penso que teñen máis urxencia porque son os que están situados na rúa Antón Losada e na Avenida de Santiago, que é o traxecto que teñen a maioría dos escolares para ir á zona dos institutos, e bueno, ten moito tráfico tanto de vehículos como de peóns e, para evitar tamén accidentes, que se...que se solucione ¿non? Que se adecuen os viais.

I o terceiro, que me xurdeu cando viña para aquí con présa, é que hai varias señais demasiado baixas, entonces cando un vai co paraugas tropeza nelas, entonces especialmente unha señal que foi ca que tropecei no cruce que hai na...na Praza...na Praza da Feira que sae ca rúa...ca rúa San Antón, que habitualmente me dou de conta e salgo por fóra pero como viña con présa porque pensei que chegaba tarde pero ao final non cheguei tarde, tropecei con ela. Pero bueno hai varias sinais que si pasa que cando se pasa...que cando se pasa co paraugas.. supoño que aquí o señor Alcalde aínda terá máis problemas aínda que vaia sin o paraugas, e entón que se solucione.

Sr. Alcalde.- Moi ben señor Magariños, gracias polo seu espírito construtivo é unha aportación interesante. En relación ao vial que nos une coa capital, con Santiago, temos a verdade que basicamente i eu aí lle...lle dou totalmente a razón, tres puntos bastantes conflitivos, tres puntos que son obxecto de...de...de accidentes constantes ¿non?; un é, digamos, na saída a Estrada...da Estrada antes da recta de Toedo, outro é no inicio ou no final do dobre carril de subida en Baloiira, que ten un problema grave e xa estivemos cos técnicos da Consellería para intentar buscar a forma, porque as augas que se acumulan de forma intensa nesa zona cruzan a calzada i provocan un efecto aquaplaning que xera certos problemas; e o outro punto negro no final da recta de Baloiira xusto antes de entrar nas curvas na...na...no Rollo ¿non?, i aí si que é certo que eses tres puntos son tres puntos a estudar, de feito na...na semana pasada se lle remiteu un novo escrito á Consellería i nos puxemos en contacto con eles para que remitisen aos técnicos para analizar esas tres...eses tres puntos negros que teñen unha...unha gran incidencia nos accidentes de tráfico, i esperemos...esperemos, ou polos menos ese foi o compromiso, nas próximas semanas que os técnicos poidan vir i analizar de forma directa cal é a solución, unha delas que xa está vista, que era o problema da...do final do dobre carril, bueno, pois, supoñía unha actuación que rondaba os 26.000 ou 27.000 euros, non había orzamento no ano 2013, imos a ver si somos capaces no ano

catorce, de feito xa temos unha pequena memoria feita da actuación que habería que cometer aí para evitar ese...ese problema, ademais que xera un problema a maiores, que son os veciños de Baloira, porque como ben sabe vostede doutro lado hai un...un depósito de auga i se mezclan as augas pluviais coas augas que teñen eles dos manantiais e i xeran un problema importante aos veciños desa parroquia, i, polo tanto, desta maneira se poderían derivar as augas i solucionaríamos dous problemas con...con esta actuación. Nesa liña estamos i somos...marquémonos como obxectivo buscarlle unha solución a eses tres puntos que son realmente preocupantes i conflictivos pola siniestralidade que teñen nesta...nesta estrada.

¿Non sei si hai algunha outra cuestión? Pois si non hai tampouco ningunha aportación por parte do público que hoxe non nos acompaña, pois, como dicía antes, reiterando os meus bos desexos para o ano 2014 levantamos a sesión. Moitas gracias

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas.

A Estrada, 2 de xaneiro de 2014
A SECRETARIA EN FUNCIONS,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas